



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Literaturas de Lingua Portuguesa	Código	613G02039	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Portugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Martinez Pereiro, Carlos Paulo	Correo electrónico	carlos.pereiro@udc.es	
Profesorado	Martinez Pereiro, Carlos Paulo	Correo electrónico	carlos.pereiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo introdutorio, a través dos textos, das principais etapas, movementos, autores e obras da literatura brasileira e das literaturas africanas de lingua portuguesa.			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>? Non se realizarán modificacións</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>? Sesión maxistral</p> <p>? Traballos tutorizados (con atención personalizada) (computa na avaliación)</p> <p>? Obradoiros (computa na avaliación)</p> <p>? Lecturas (computa na avaliación)</p> <p>?Recensión bibliográfica (computa na avaliación)</p> <p>?Presentación oral (computa na avaliación)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>? A Proba Mixta será substituída por ?estudo de casos?.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>? Correo electrónico: Diariamente. A demanda do alumnado. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutorizados</p> <p>? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Haberá encontros regulares, con base na planificación inicial da materia, para o atendimento do alumnado, o acompañamento dos traballos, así como para pór en práctica o desenvolvemento dos contidos teóricos da materia. No Moodle serán disponibilizados, explicados e atribuídos todos os elementos relacionados cos ?estudos de caso? substitutivos da proba mixta, así como o "aggiornamento" necesario (máis de pormenor) de calqueira outro aspecto do desenvolvemento da materia.</p> <p>? Teams: Unha sesión semanal para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutorizados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. As sesións "ad hoc" necesarias para o seguimento e apoio na realización do ?estudo de casos?.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>? Traballos tutorizados (15%): En relación cos traballos tutorizados serán obxecto de avaliación o rigor teórico e formal, a capacidade analítica e relacional, así como a elaboración de reflexións críticas e a profundidade dos contidos expostos.</p> <p>? Lecturas (10%): En relación coas lecturas serán obxecto de avaliación a adecuación dos resumos das mesmas, así como a pertinencia das reflexións persoais sobre elas, no contexto dos coñecementos adquiridos e dos contidos desenvolvidos que lles digan respecto.</p> <p>? Obradoiros (20%): En relación cos obradoiros serán obxecto de avaliación a capacidade analítica dos temas abordados, a cualidade da exposición oral e/ou escrita e a adecuación aos contidos e aos obxectivos propostos derivados das previas lecturas atribuídas.</p> <p>? Recensión bibliográfica (5%): En relación coa recensión bibliográfica serán obxecto de avaliación a adecuación, sustentabilidade e pertinencia dos xuízos emitidos na(s) reseña(s) avaliativa(s) de determinadas aportacións bibliográficas.</p> <p>? Presentación oral (10%): En relación coa presentación oral serán obxecto de avaliación a capacidade expositiva e a profundidade e adecuación dos contidos expostos na presentación oral dalgún dos comentarios de textos realizados.</p> <p>? Estudo de casos (40%): En relación co estudo de casos será obxecto de avaliación tanto a precisión expresiva e dos contidos, como a adecuación ás competencias xerais da materia dos comentarios, análises e reflexións realizados.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>? Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 valores sobre 10.</p> <p>? O alumnado terá de entregar os traballos e actividades nos PRAZOS fixados.</p> <p>Todas as actividades realizadas por escrito deberán cumprir unhas exixencias mínimas de CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA. No caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo os criterios que constan no documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).</p> <p>? Na OPORTUNIDADE DE XULLO serán aplicados, no seu caso, as mesmas metodoloxías e os mesmos criterios de</p>
-----------------------------	---

avaliación que figuran para o caso de continxencia. Todas as actividades previstas serán entregues de acordo cos procedementos e os prazos indicados oportunamente polo profesorado.

? O alumnado con MATRÍCULA PARCIAL E/OU DISPENSA ACADÉMICA deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puiden asistir ao atendimento, deberá porse en contacto co profesorado através do correo electrónico coa suficiente antecedencia.

? O sistema de avaliación na CONVOCATORIA ADIANTADA DE DECEMBRO consistirá nunha proba mixta ou estudos de caso equivalentes (50%) e nun traballo tutorizado (50%). O alumnado interesado en concorrer a esta convocatoria deberá contactar o profesorado coa suficiente antecedencia.

? A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir á proba mixta ou non realizar o estudo de casos e/ou cando tiver entregado un número de actividades inferior ao 50% de entre as contempladas no apartado de ?avaliación? para o caso dunha posíbel situación de continxencia.

#### 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

? Realizaránse os axustes necesarios para que o estudiantado, na medida do posíbel, poida dispor de todos os materiais de traballo precisos en formato dixital en Moodle.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aplicar a avaliación crítica ao estilo dun texto e á formulación de propostas alternativas e correccións.	A10		
Aplicar a análise e o comentáριο críticos a textos e discursos literarios e non literários, utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2 A11	B3 B7	
Identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14	B1 B3	
Aplicar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1 B3	
Resolver problemas coa capacidade de autoformación adquirida.	A2 A20	B3 B6 B7	
Aplicar as capacidades de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.	A15	B1 B3 B6 B7	
Aplicar analítica e sinteticamente a avaliación ponderada, o coñecemento e o exercicio do pensamento crítico.	A2 A10 A11 A20	B1 B7	
Resolver a capacidade de expresión e comprensión da forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.			C2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A literatura brasileira. Noções preliminares.	1.1. Unidade e diversidade 1.2. Parâmetros definitórios básicos
2. A literatura brasileira no século XIX	2.1. O Romantismo e a nacionalidade literária: Gonçalves Dias, Castro Alves e José de Alencar 2.2. Realismo e Naturalismo: Machado de Assis
3. A literatura brasileira nos séculos XX e XXI	3.1. O Modernismo: Mário de Andrade, Oswald de Andrade e Manuel Bandeira. 3.2. Tendências narrativas e poéticas do século XX: Graciano Ramos, Guimarães Rosa, Clarice Lispector, Drumond de Andrade. 3.3. A atualidade literária brasileira.
4. As literaturas africanas de língua portuguesa	4.1. A literatura angolana: Agostinho Neto, Luandino Vieira, Pepetela e Boaventura Cardoso. 4.2. A literatura mozambicana: Honwana, Craveirinha, Mia Couto, Ba Kha Khosa e Paulina Chiziane. 4.3. A literatura caboverdiana: Baltasar Lopes, Jorge Barbosa y Corsino Fortes. As literaturas santomense e guineense.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A20	14	21	35



Obradoiro	A2 A11 A14 A15 B1 B3 B6	22	33	55
Lecturas	A2 A14 A20 B3 B6 B7	1	30	31
Traballos tutelados	A2 A11 A14 A15	1	10	11
Recensión bibliográfica	A11 A15	1	4	5
Presentación oral	A11 A15 B3 B7 C2	1	1	2
Proba mixta	A2 A10 A11 A20 C2	2	8	10
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesor explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades poderán contemplarse, alén doutras, a análise de fontes documentais, os comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	No Paso 8 desta Guía, está a relación de obras que o/a alumno/a debe ler ao longo do curso.
Traballos tutelados	Texto(s) orai(s) e/ou escrito(s) en que o alumnado analizará algunha(s) da(s) obra(s) de lectura obrigatoria.
Recensión bibliográfica	Reseña(s) avaliativa(s) de determinadas aportacións bibliográficas.
Presentación oral	Presentación oral dalgún(s) dos comentarios de textos realizados.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Para alén da atención individualizada nas sesións presenciais de diferente tipo, durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a guía e axuda que precise para a realización dos seus traballos. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada unha das actividades ao longo do curso e segundo a planificación da materia. O alumnado con dispensa académica deberá entrar en contacto co profesor ao inicio do curso para fixar as actividades e traballos substitutivos da asistencia académica que necesariamente deberá realizar.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A2 A10 A11 A20 C2	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais, avaliando tanto a precisión expresiva e contedística, canto o axeitamento do disertado, do comentado ou do analizado ás competencias a adquirir e aos obxectivos a atinxir, previamente formulados para cada unha das tres modalidades polo profesor.	40
Recensión bibliográfica	A11 A15	Avaliación da adecuación, sustentabilidade e pertinencia dos xuízos emitidos na(s) reseña(s) avaliativa(s) de determinadas aportacións bibliográficas.	5



Presentación oral	A11 A15 B3 B7 C2	Avaliación da capacidade expositiva e da profundidade e adecuación dos contidos expostos na presentación oral dalgún dos comentarios de textos realizados. Para alen do antes referido e da utilidade das presentacións para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clarezza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipo.	10
Traballos tutelados	A2 A11 A14 A15	Texto(s) orai(s) e/ou escrito(s) en que o alumnado, seguindo un roteiro fornecido polo profesor, analizará algunha(s) da(s) obra(s) de lectura obrigatoria, avaliándose a súa precisión e o seu axeitamento aos contidos e ás competencias previamente formulados.	15
Obradoiro	A2 A11 A14 A15 B1 B3 B6	Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía. Será avaliada a participación e o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para cada actividade tipolóxica.	20
Lecturas	A2 A14 A20 B3 B6 B7	Terán de realizarse as leituras obrigatorias por parte do alumnado, sendo avaliadas ao longo do desenvolvemento das aulas. O control destas lecturas será realizado por medio de recensións &quot;ad hoc&quot; e/ou en sesións específicas na sala de aulas, avaliando a capacidade de comprensión e a síntese estruturada das principais ideas contidas nos materiais obxecto da lectura, en relación cos contidos focados e as competencias previstas na materia.	10

Observacións avaliación



Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

O

alumnado que se vaia presentar á convocatoria adiantada de decembro, con matrícula parcial, semipresencial, dispensa académica ou calquera outra particularidade especial deberá pórse en contacto cos profesores ao comezo do curso a través do correo

electrónico e/ou utilizar o horario de titorías fixado polo centro. En

todos estes casos (e salvo excepcións motivadas e xustificadas), haberá que superar as mesmas probas e cumprir as mesmas exigencias antes indicadas para a primeira convocatoria (ordinaria).

Na segunda oportunidade, para superar a materia, tamén haberá que realizar as mesmas probas e cumprir as mesmas exigencias que na primeira (ordinaria).

A

cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a non asistir á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%

Os

traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao

Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos

previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo /a

mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas

circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas

de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de

grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Todas

as actividades ou probas deberán cumprir unhas exigencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica,

ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na

cualificación, segundo o documento "Exigencias mínimas de corrección

lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e

pendurado en Moodle).

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	?Bosi, A.: <i>História concisa da literatura brasileira</i> (São Paulo: Cultrix).?Candido, A.: <i>Iniciação à literatura brasileira ? Resumo para principiantes</i> (Humanitas/USP-FFLCH, São Paulo, 1999).?Ferreira, M. <i>Literatura africana de expressão portuguesa</i> (Lisboa: ICALP [2 vols.])?Salinas Portugal, F.: <i>Rosto negro ? O contexto das literaturas africanas</i> (Santiago de Compostela: Laiovento)?Stegagno Picchio, L.: <i>Storia della letteratura brasiliana</i> (Torino: Giulio Einaudi Editore).
<b>Bibliografía complementaria</b>	Lecturas obrigatorias:1) <i>Dom Casmurro</i> de Machado de Assis2) <i>Claro Enigma</i> de Carlos Drummond de Andrade / <i>Laços de Família</i> , de Clarice Lispector (a escoller unha)3) <i>Velhas histórias</i> de Luandino Vieira / <i>Jerusalem</i> de Mia Couto (a escoller unha)4) Unha narrativa actual (selección individual baixo a orientación del profesor)

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**



Materias que continúan o temario
Observacións
NOTA BENE? Todas as cuestións non contempladas explicitamente nesta guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesorado no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías